

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE XULLO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de xullo de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión a secretaria xeral do Pleno en substitución do vicesecretario accidental, dona Ana María Rivas García, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA E RELACIÓNS INSTITUCIONAIS

1. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase a concesión subvención nominativa orzamento 2025; Diocese de Lugo (rehabilitación Capela do Carme - restauración de fachadas e carpinterías exteriores).

ÁREA DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación da subministración de dúas casetas no recinto do feiral de San Froilán e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025-C004-000021.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación do patrocinio publicitario co motivo da celebración no Concello de Lugo do festival "Caudal Fest" 2025 e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2025/C005/000006.

Así mesmo, acórdase a aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado na contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde da montaxe e desmontaxe das instalacións de produción e outros eventos escénicos das festas de San Froilán e a apertura do procedemento de adxudicación. exp. ref. 2025-C003-000039.

primeira prórroga dende o 14 de outubro de 2025 ao 13 de outubro de 2026.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refº: ispac4940873594724653156.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-7-2025

Tamén se acorda a primeira prórroga dende o 14 de outubro de 2025 ao 13 de outubro de 2026 na contratación do servizo de coordinación do club de lectura da Biblioteca Municipal Isidro Novo. Exp. ref. 2024-C003-000025.

Acórdase a primeira prórroga dende o 9 de setembro de 2025 ao 8 de setembro de 2026 na contratación do servizo de prevención alleo nas especialidades técnicas: seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada, así como da vixilancia da saúde. exp. ref.: 2024-C003-000012.

Así mesmo, acórdase a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da obra de "pavimentación de beirarrúas no Polígono Industrial do Ceao" e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025-C002-000020.

Do mesmo xeito, acórdase a primeira prórroga dende o 1 de setembro de 2025 ao 31 de agosto de 2026 na contratación do servizo de conservación e mantemento das instalacións de iluminación pública dentro do termo municipal de Lugo. exp ref: 2021-C003-000020.

3. FOMENTO.- Acórdase proceder a ratificar o convenio entre a secretaría de estado de seguridade e o Concello de Lugo para a incorporación do corpo de policía local ao "sistema de seguimento integral de los casos de violencia de género (Sistema Viogén)".

Taméns e acorda a ratificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a deputación provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación acondicionamento de edificios culturais municipais: Auditorio Gustavo Freire, Novo Auditorio e Centro Sociocultural o Vello Cárcere no Concello de Lugo, ano 2024.

Do mesmo xeito, acórdase a aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación - promoción e dinamización dos mercados locais- no Concello de Lugo, ano 2025.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.